



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C50-15

ANUNCIO

Asto.: *Convocatoria da sesión constitutiva da Mesa de contratación da obra “Cambio de material de cubrición da nave de deportes náuticos”.*

A mesa de contratación da obra “Cambio de material de cubrición da nave de deportes náuticos”, de acordo co disposto na cláusula 13ª dos pregos reguladores de dita contratación (PCAP), aprobados por acordo da xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data 05.10.2015, estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: Félix Juncal Novas

Vogais:

- José I. García Cuervo, Concelleiro delegado de facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior.
- Sergio Curra Moreira, Interventor do Concello.
- Nuria Lobato del Río, Secretaria do Concello.
- Alfredo de la Campa Fervenza, Arquitecto técnico municipal.

Secretaria da Mesa de Contratación: Araceli C. Pérez Morán, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

A sesión constitutiva da mesa de contratación do contrato administrativo da obra “Cambio de material de cubrición da nave de deportes náuticos”, de acordo co disposto na cláusula 12.2ª dos pregos reguladores de dita contratación, **terá lugar ás 10.00 horas do quinto día hábil seguinte ao do remate de presentación de proposicións (agás sábados) sen prexuízo de que poida atrasarse ata o décimo día hábil no caso de que non figuren a totalidade das proposicións presentadas no Servizo de Contratación, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo.**

De acordo co disposto anteriormente, a Mesa de Contratación da obra “Cambio de material de cubrición da nave de deportes náuticos” se constituirá na data e coa orde do día que de seguido se relaciona:

Venres 27 de novembro de 2015. 10.00 horas. Sala reunións da casa consistorial.

Orde do día:

- 1.- Constitución da Mesa de contratación (acto non público)
- 2.- Actuación previa á apertura de proposicións: verificación das declaracións responsables presentadas polos licitadores que concorren (acto non público).
- 3.- Apertura do sobre único subtítulo “Oferta económica”, (acto público)
- 4.- Valoración das ofertas económicas presentadas en prazo (acto non público).

O que se publica en cumprimento do disposto nas cláusulas 12.2 e 13 dos PCAP en relación co art. 21 do REAL DECRETO 817/2009

Bueu, 17 de novembro de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas